

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9 DE NOVEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL NÚMS. 45 E 46 DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2015 E 30 DE OUTUBRO DE 2015.

Acordouse aprobar as actas núms. 45/2015 e 46/2015 de data 26 de outubro de 2015 e 30 de outubro de 2015, das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción de



Secretaría Xeral

edificio na rúa Monte Faro, esquina rúa D, 2-Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 09/11/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 10.324,70 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse MODIFICAR A LICENZA DE OBRA CONCEDIDA para a construción dunha vivenda unifamiliar (acordos da Comisión de Goberno 04/11/1998 e da Xunta de Goberno Local de 18/01/2007) en Barcia, Lalín.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS consistentes na execución de 26 catas necesarias para a realización do cambio de GLP a GN en Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/11/15 por importe de de 109,17 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- RECOÑECIMIENTO DE EXPLOTACIÓN.


4.1.- Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico Municipal, de data 15/10/2015, e recoñecer a explotación de visóns sita nas parcelas con referencias catastrais nº 36024A020003880000AH e 002100200NH73C0003RK, en Carrio, Val do Carrio, Lalín. Así mesmo acordouse aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 19/10/15 por importe de de 261,30 euros en concepto de “recoñecemento explotación de visóns en Carrio”. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- EXPEDIENTES XUDICIAIS.

5.1.- Dáse conta da Sentenza 00243/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de Pontevedra.

6.- CONVENIO ADMINISTRATIVO.

6.1.- Acordouse aprobar o Convenio coa Asociación ASPADEZA para o ano 2015 e facultar ao Concelleiro Delegado de Benestar Social para a súa sinatura.



7.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

7.1.- Acordouse aprobar a Certificación de obra núm. UN E FINAL da obra “RECRECIDO DO PAVIMENTO PISTA DO SOUTO-XAXÁN” PPOS/2015 presentada pola entidade CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 55.781,00 €. Así mesmo aprobouse a acta de recepción.

8.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 9 de novembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **24.550,33 euros**.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención para o desenvolvemento do proxecto denominado “Melloras senda peonil río Pontiñas” e aprobar a conta xustificativa de dita subvención, sendo o gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada 116.852,41 euros.

9.2.- Acordouse anular o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 16 de setembro de 2015 no relativo á concesión das bolsas ao estudo a dous beneficiarios por importe total de 400 € (200 € cada unha), por incumprir unha das obrigas estipuladas nas bases reguladoras que é: *“Comunicar calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda”*.

En ámbolos dous casos se produciu un traslado de domicilio fóra do termo municipal de Lalín, polo que as beneficiarias non cumpren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

Así mesmo, acordouse a concesión de catro bolsas por importe de 100 € .

9.3.- Acordouse aprobar unha baixa e dúas ampliacións horarias no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia.

9.4.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 25,52 € e outra por importe total de



Secretaría Xeral
35,88 € .

9.5.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 13.875,70 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de materiais de construción necesaria para os traballos de saneamento, canalizacións e firmes, a realizar polo O.E. Pazo de Liñares, na execución da obra do aparcadoiro no contorno do Pazo de Liñares, e contratar coa empresa Amador Gómez Cuíña, CIF. 79800668B, o subministro dos materiais referenciados segundo orzamento remitido pola citada empresa, con suxeición ao réxime dos contratos menores de subministracións.

9.6.- En relación ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEDER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e no relativo a tratamentos preventivos de xeito mecanizado mediante actuacións de desbroce mecanizado, acordouse aprobar a conta xustificativa de ingresos e gastos, por importe de 26.024,06 €, sen IVE, o que supón un importe de 26.544,72 € con IVE, de acordo co disposto no anexo IV.I e IV.II que se acompaña a esta proposta, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

9.7.- En relación ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, acordouse aprobar a conta xustificativa de ingresos e gastos, por importe de 23.457,40 €, o que supón un custo de 22.905,25 € sen IVE, para a realización das actuacións en materia de vixilancia e extinción de incendios forestais e un importe de 12.917,30 €, para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais, de acordo co disposto nos anexos V.1, V.II e V.III que se acompañan a esta proposta, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

9.8.- En relación ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, acordouse aprobar a conta xustificativa de ingresos e gastos, por importe de 20.131,11 € , de acordo co disposto no anexo VI.I que se acompañan a esta proposta, cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida.

9.9.- Acordouse que as feiras que teñen lugar os días 3 e 18 de cada mes celebraranse neses mesmos días, independentemente de que sexa domingo ou festivo, **tendo o acordo**



Secretaría Xeral
efectos dende o día 1 de xaneiro de 2016.

10.- CORRECCIÓN DE ERROS.

10.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2015, no punto 12.3.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, do vado permanente co número de placa 70.

11.2.- Autorizouse á **Asociación de veciños de Castro de Abaixo-Lodeiro**, o uso do local social da citada parroquia para a realización dun magosto popular o vindeiro sábado día 14 de novembro de 2015, entre as dez da mañá e as catro da madrugada.

11.3.- Autorízase a **CINECLUBE DZINE** o uso do espazo Salón Teatro, para a proxección do documental “*Fios Fora*” e un debate do mesmo o día 2 de decembro de 2015 a partires das 20:30 horas.

11.4.- Autorizouse ao **CPR “Sagrado Corazón” de Lalín** para o uso do salón teatro do Auditorio de Lalín, o día 17 de decembro de 2015, en horario de 10:00 horas a 22:00 horas, coa finalidade da representación de actividades do Festival do Nadal por parte dos alumnos deste centro educativo.

11.5.- Autorízase a ubicación dunha zona de carga e descarga na rúa B a altura do número 9, o outro marxe da vía (marxe dereito, en sentido a Avda. Buenos Aires).

=====

